

CIRCULAR Nº 16 (2011-2012)

Aos pais/nais usuarios do transporte de Freixo:

A partir do próximo luns día 19 de marzo, prodúcese un cambio na ruta do transporte escolar de Freixo, autorizado pola Xefatura Territorial de Pontevedra.

Dito cambio consiste en que o autobús fará o percorrido de ida e volta polo cemiterio particular de Valadares con dúas novas paradas:

Tanto á ida coma á volta, faranse dúas novas paradas: unha no cemiterio (na parada do Vitrasa) e outra no número 58 de dita rúa (aproximadamente onde para o autobús do Instituto).

A parada de Bertolos (que se facía na rúa de Freixo) pasa a facerse, **á ida, diante do Cemiterio** (onde está a parada de Vitrasa) e, **á volta, nos mesmos Bertolos** (ao lado dunha mesa que hai na rúa).

O resto das paradas de Freixo continúan igual.

Prégase a todos aqueles pais que poidan estar afectados por estas modificacións que se poñan en contacto coa dirección do centro para confirmar o uso do transporte escolar.

Como calquera modificación, pode ser que teña algún problema de axustes que coidamos se irán corrixindo no futuro.

Un saúdo

Valadares a 16 de marzo de 2012

O DIRECTOR

Asdo. José Luis Araújo Santalices

